

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO, POLA QUE SE MODIFICA A PUNTUACIÓN OBTIDA POLA EMBARCACIÓN NUEVO CATALINA NA RELACIÓN DE EMBARCACIÓNS DO PROCEDIMENTO PARA A OBTENCIÓN DA MODALIDADE DE ANEMONE AO ABEIRO DO PLAN DE EXPLOTACIÓN 2020-2021 PARA O RECURSO ESPECÍFICO DENDE EMBARCACIÓN, DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE MARÍN, PORTONOVO, SANXENXO, RAXÓ, PONTEVEDRA, LOURIZÁN E BUEU

ANTECEDENTES

1. Por Resolución do 4 de agosto de 2020 esta xefatura territorial convocou un proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de anemone ó abeiro do Plan de xestión conxunto de marisqueo de nova incorporación para a conservación e explotación de anemones 2020-2021, na modalidade de embarcación con técnicas de mergullo, presentado polas confrarías de pescadores de Marín, Portonovo, Sanxenxo, Raxó, Pontevedra, Lourizán e Bueu.

2. No procedemento ditouse Resolución o 8 de outubro de 2020 publicando a lista provisional de aspirantes admitidos, e en data 17 de decembro do mesmo ano publicando a relación definitiva das embarcacións seleccionadas para o outorgamento da modalidade de anemone.

3. En data 8 de abril de 2021 esta Xefatura Territorial ditou resolución modificando a relación definitiva para o outorgamento da modalidade de anemone tras o recurso de alzada presentado por JESÚS MIGUEZ OTERO, armador da embarcación NUEVO CATALINA (3ª VI-5-1-18), e a súa estimación en parte por resolución da Consellería de data 22 de marzo de 2021.

4. Presentado polo armador citado un novo recurso de alzada en data 21 de abril de 2021, que foi desestimado, a Resolución do 22 de marzo de 2021 foi recorrida na orde xurisdiccional contencioso administrativa.

5. No recurso contencioso-administrativo presentado por JESÚS MIGUEZ OTERO contra a resolución mencionada, a Sección Segunda da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou sentenza núm. 00312/2022 en data 21 de xullo de 2022 no Procedemento Ordinario 4070/2021, que na actualidade é firme, dispoñendo: *Que debemos **ESTIMAR Y ESTIMAMOS en parte** el recurso interpuesto por el Procurador D. JOSÉ ANTONIO CASTRO BUGALLO, en nombre y representación de JESÚS MIGUEZ OTERO contra la Resolución de la Consellería del Mar de 22 de marzo de 2021, por la que se estimó en parte el recurso contra la Resolución de la Jefa Territorial de 17 de diciembre de 2020 por la ue se modifica la relación definitiva para el otorgamiento de la modalidad de anémoma del Plan de Explotación desde embarcación de las Cofradías de Pescadores de Marín, Portonovo, Sanxenxo, Raxó, Pontevedra, Lourizán y Bueu, retrotrayendo el procedimiento al momento de baremación de las solicitudes para modificar la puntuación obtenida por la embarcación SOLITARIA 3ª VI5-1-18, en el único extremo relativo a que la puntuación de la embarcación NUEVO CATALINA debió de ser de 6,76 puntos (en lugar de 6,75) desestimando el recurso en lo restante....*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da *Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece que: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia* determina nos seus artigos 25 a 30 os requisitos e o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación..
3. A *Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.
4. A vista do exposto, e da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 21 de xullo de 2022, ditada no Procedemento Ordinario 4070/2021, que na actualidade é firme, procede, polo tanto, ordenar a retroacción do procedemento iniciado por Resolución de 4 de agosto de 2020 ao momento de baremación das solicitudes, para modificar a puntuación obtida pola embarcación SOLITARIA 3ª VI5-1-18, no único extremo relativo a que a puntuación da embarcación NUEVO CATALINA debeu ser 6,76 puntos (no lugar de 6,75).

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Modificar a puntuación da embarcación "NUEVO CATALINA" , outorgándolle unha puntuación de 6,76 puntos.
2. Publicar a nova puntuación, na relación das embarcacións seleccionadas para o outorgamento de 14 cotas da modalidade de anemone, no exercicio da actividade extractiva a mergullo, no ámbito do Plan de explotación das Confrarías de pescadores de Marín, Portonovo, Sanxenxo, Raxó, Pontevedra, Lourizán e Bueu (ANEXO I)

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e da Confraría de Pescadores correspondente.

De conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta Resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Conselleira do Mar, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ó da notificación.

A Xefa Territorial
Sonia Lorenzo Santos



ANEXO I- Proceso selectivo - Permisos de explotación de recursos específicos, modalidade ANEMONE, dende embarcación das Confrarías de Marín, Portonovo, Sanxenxo, Raxó, Pontevedra, Lourizán e Bueu

EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS

Nº	NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	COTAS	1. EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	2. HABILIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE DA EMBARCACIÓN NUN PORTO BASE INCLUÍDO NO ÁMBITO TERRITORIAL DAS ENTIDADES TITULARES DO PLAN	4. Nº ARTES	5. FORMACIÓN (Max. 3 puntos)		6. TER PERSONAS ENROLADAS DO XÉNERO FEMININO	TOTAL
								Actividades de formación	Titulación académica		
1	BENITO	3ªVILL-3-24599	1	0	2,5	3	2	0	1,15	0	8,65
2	LEON CINCO	3ªVI-2-1-19	2	0	2	3	2	0,5	1	0,1	8,60
3	JOSEFA	3ªVI-3-280	1	0	2,5	3	2	0	0,35	0	7,85
4	CLARA MARIA	3ªVI-1-1800	1	0	3	3	0,5	0	1,15	0	7,65
5	MARCOS DOS	3ªVI-1-3-94	2	0	2,5	3	0	0	1,15	1	7,65
6	LOLITA	3ªVI-1-1885	1	0	3	3	0,5	0	1	0	7,50
7	NUEVO PILARIN	3ªVI-1 4-98	1	0	2,5	3	1	0	1	0	7,50
8	SANTA MARÍA	3ªVI-8-864	1	0	2,5	3	0,5	0	1,25	0	7,25
9	CHAFALLEIRO	3ªVI-2-5-04	1	0	3	3	0	0	1,15	0	7,15
10	NUEVO ALBATROS	3ªVI-1-2-04	2	0	3	3	0	0	1	0	7,00
11	SOLA	3ªVI-2-2306	1		3	3	1	0		0	7,00

EMBARCACIÓNS NON SELECCIONADAS

12	SOLA	3ªVI-2-2306	1(*)		3	3	1	0		0	7,00
13	NUEVO CATALINA	3ªVI-1-2-10	2	0	2,5	3	0,5	0	0,15	0,7	6,76
14	ALEJANDROS	3ªVI-1-2-97	1	0	2,5	3	0	0	1,25	0	6,75
15	OLA	3ªVI-8-467	1	0	3	3	0,5	0	0,15	0	6,65
16	LIBERTAD	3ªVI-5-9980	2	0	2,5	3	0	0	1	0	6,50
17	EBENEZER	3ªVI-2-2346	2	0	3	0	2	0	1,25	0	6,25
18	CONCHA CINCO	3ªVI-1-2-14	2	0	3	3	0	0	0	0	6,00
19	NOVO PETREL	3ªVI-1-4-19	2	0	2	3	0	0	1,25	0	6,25
20	DELFIN	3ªVI-5-10119	2	0	2,5	0	0,5	0	1,15	0	4,15
21	SOLITARIA	3ªVILL-4-524	2	0	2,5	0	1	0	0	0	3,50
22	TRITÓN	3ªVI-5-9979	2		2,5	0	1	0		0	3,50

(*) Este participante solicitou 2 cotas, foi seleccionada para outorgarlle a última cota quedándolle 1 sen cubrir.

